

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 10.10.2019 Hora: 10:30



A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 10 de outubro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 32411 (10/PNC-002647)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 1.2 41409 (10/PNC-003367)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o estudo pola Xunta de Galicia da fórmula administrativa máis axeitada e favorable para a asunción por parte do Servizo Galego de Saúde da atención sanitaria do hospital privado Povisa, garantindo o mantemento dos seus postos de traballo e as súas prestacións sanitarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018
- 1.3 46363 (10/PNC-003732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas denuncias referidas á existencia de supostas irregularidades na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre polas empresas adxudicatarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 1.4 49561 (10/PNC-004009)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de técnicos de emerxencias sanitarias prevista para a ambulancia medicalizada de Foz, así como o seu horario de funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019



- 1.5 52836 (10/PNC-004206)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da derogación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, así como do establecemento dos mecanismos necesarios para reforzar e ampliar a Rede de centros de orientación afectivo-sexual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019
- 1.6 55195 (10/PNC-004384)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a as actuacións que debe levar a cabo para evitar a precariedade do mercado laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019
- 1.7 55990 (10/PNC-004448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a mellor dotación de persoal posible para a asistencia sanitaria en atención primaria, así como para o establecemento dun plan de atención das necesidades en materia de infraestruturas, recursos humanos e materiais, para a comarca do Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/10/2019 18:08:16





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/10/2019 18:50:15
Nº Registro: 17263
Data envío: 03/10/2019 18:50:15.909

CSV: REXISTROAW7UgoGz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2019 18:50:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/10/2019 18:50:15
Nº Rexistro: 17263
Data envío: 03/10/2019 18:50:15.909

CSV: REXISTROAW7UgoGz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 32411(10/PNC-002647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32411
Data envío: 14/06/2018 15:07:42.813

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Gondomar para mellorar a calidade asistencial en especial a pediátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32411
Data envío: 14/06/2018 15:07:42.813

A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Dispón dunha única praza de pediatría, en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, mais que aínda así non cubre a toda a poboación infantil do concello.

Desde marzo do ano pasado ten o cupo pechado e as familias das crianzas nadas desde esa data vense na obriga de se desprazar fóra de Gondomar para acudir ás consultas pediátricas de Nigrán ou Baiona.

Este problema agrávase aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia consulta. No BNG sumámonos as denuncias da inadecuada atención pediátrica existente no C.S. de Gondomar.

Tampouco se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguemento dos embarazos como as de realización de controles (citoxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir baixas ou vacacións contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto dxs profesionais vense na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32411

Data envío: 14/06/2018 15:07:42.813

Esta situación vaise ver agravada polo peche, anunciado polo propio SERGAS, das consultas de tarde no CS Gondomar durante o verán, alegando falla de persoal cando na realidade é a constatación da súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Gondomar, tanto nas súas licenzas como vacacións.

2.- Que realice todas as accións precisas para manter a asistencia sanitaria en horario completo de mañá e de tarde no centro de saúde de Gondomar.

3.- Dotar ao Centro de Saúde de Gondomar dunha nova praza de atención pediátrica en horario de tarde para desconxestionar o cupo de mañá e contribuíría á conciliación laboral e familiar.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32411

Data envío: 14/06/2018 15:07:42.813

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:03:05

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:03:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:03:17

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:03:18

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:03:20

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:03:21

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 41409(10/PNC-003367)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o estudo pola Xunta de Galicia da fórmula administrativa máis axeitada e favorable para a asunción por parte do Servizo Galego de Saúde da atención sanitaria do hospital privado Povisa, garantindo o mantemento dos seus postos de traballo e as súas prestacións sanitarias

Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:13:55
Nº Rexistro: 41409
Data envío: 05/12/2018 13:13:55.447



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un precurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos.

CSM-REXISTRO-8VgmbxR-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:13:55
Nº Registro: 41409
Data envío: 05/12/2018 13:13:55.447



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a fórmula
administrativa máis axeitada e favorable que permita ao Servizo Galego de Saúde
asumir a atención sanitaria de POVISA, garantindo os postos de traballo e as
prestacións sanitarias.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:13:09

Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 13:13:18

CSV REGISTRO:SVgmibxR-1
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46363(10/PNC-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas denuncias referidas á existencia de supostas irregularidades na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre polas empresas adxudicatarias

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:46:38
Nº Rexistro: 46363
Data envío: 14/02/2019 17:46:38.369

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás accións a realizar pola consellaría de sanidade para solucionar as gravísimas irregularidades que se están cometendo no transporte sanitario terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, puxéronse en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza para facernos chegar a carta que a continuación transcribimos dirixida ao Conselleiro de Sanidade e demandándonos actuacións para solucionar a grave situación que denuncian:

“ Estimado Sr. Conselleiro

Dende esta Asociación Profesional, poñémonos en contacto con vostede co fin de transmitirle a nosa preocupación e alarma ante as gravísimas irregularidades que presuntamente estanse cometendo por parte de empresas e persoal do Transporte Sanitario.

O que nos están comunicando acotío decenas de compañeiros/as TES, Médicos, DUEs e estudantes de TES e de Enfermaría, é dunha gravidade tal que precisa a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:46:38
Nº Rexistro: 46363
Data envío: 14/02/2019 17:46:38.369

intervención inmediata da Administración, para que faga as consultas necesarias e, se corresponde, envíe a documentación á Fiscalía para que exerza as accións legais pertinentes.

Recomendámoslles que establezan con urxencia un protocolo de verificación do persoal que está a desempeñar o seu posto de traballo nas ambulancias tanto A1 e A2 como nas B e C, que a Administración ten subcontratada con empresas privadas, xa que hai un Real Decreto que regula a formación necesaria RD 22/2014, ademais do Decreto 52/2015 de Galicia.

Temos constancia de casos nos que non se cumpren, incorrendo presuntamente nun delito tipificado no Código Penal de intrusismo laboral, que é permitido por empresas privadas, que tamén traballan subcontratadas (esporadicamente ou a diario, debido á escaseza constante dos recursos da Rede de Transporte Sanitario Urxente, tutelada pola FPUS de Galicia-061), para a Administración Pública de Galicia, causando unha deficiente atención aos pacientes coa posibilidade real dunha incorrecta asistencia sanitaria, de consecuencias impredecíbeis, as cales poden ser responsabilidade das empresas, pero tamén da Administración como responsable subsidiaria.

Temos constancia tamén de que hai ambulancias procedentes de outras CC. AA. que están incumprindo o Decreto 52/2015 de Galicia no referente a súa rotulación exterior, pero incomprensiblemente algunhas veñen de pasar irregularmente a súa primeira inspección sanitaria en Galicia, onde agora traballan regularmente.

Solicitamos a revogación inmediata das Certificacións Técnico-Sanitarias a todas as ambulancias que están incumprindo o Decreto citado, en concreto e como

CSV REXISTRO-0VhUnUjC-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:46:38
Nº Rexistro: 46363
Data envío: 14/02/2019 17:46:38.369

mínimo, o ANEXO 1, Apartado A, no que se especifica a cor na carrocería: “Euro Yellow RAL 1016”, e os sub-apartados a), b), c) e d).

Rogamos se establezan mecanismos para a comprobación da correcta titulación ou certificación do persoal de todas as ambulancias que traballan para o SERGAS/FPUS de Galicia-061, tanto directamente como esporadicamente pero con asiduidade, polo ben e os intereses dos profesionais que si posúen a formación regrada, polo ben dos pacientes e a súa saúde e polo ben das empresas que si cumpren a Lei.

De todas estas graves irregularidades se lle informou con todo detalle directamente á Dirección da FPUS de Galicia-061 nunha reunión celebrada o pasado 12 de xaneiro. Pero transcorrido un prazo de cortesía máis que xeneroso e a pesar de que momentaneamente parecía que se estaban investigando, inspeccionando e xestionando as informacións que lles explicamos, os compañeiros/as nos seguen dicindo a diario que todo continúa igual e que está incumpríndose gravemente a lexislación vixente.

As Asociacións Profesionais estamos obrigadas a defender aos nosos compañeiros/as, Profesionais Titulados, ante ilegalidades como a de individuos “que exerzan actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título académico expedido ou recoñecido en España de acordo coa lexislación vixente” (Artigo 403 do Código Penal).“

Diante da gravidade dos feitos que se denuncian, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



CSV: REXISTRO-0VhUnJpC-5
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/02/2019 17:46:38

Nº Rexistro: 46363

Data envío: 14/02/2019 17:46:38.369

-Que proceda a realizar unha inspección xeneralizada no transporte sanitario terrestre, que a Xunta ten externalizado con empresas privadas, para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas pola Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia nesta carta, se obrigue ás empresas á súa corrección e se abran os expedientes sancionadores, ou accións legais pertinentes, segundo se verifiquen as irregularidades e a gravidade das mesmas.

-Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:46:38
Nº Registro: 46363
Data envío: 14/02/2019 17:46:38.369

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 17:42:52

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 17:42:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 17:42:58

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 17:42:59

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 17:43:01

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 17:43:02

CSV REGISTRO-0VhUuNj3C-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 49561(10/PNC-004009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de técnicos de emerxencias sanitarias prevista para a ambulancia medicalizada de Foz, así como o seu horario de funcionamento

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:47:16
Nº Rexistro: 49561
Data envío: 02/05/2019 17:47:16.784

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O pasado día 29 de maio de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por dúas persoas técnicas de emerxencias, un médico ou unha médica e un enfermeiro ou enfermeira, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urgencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións, e polo tanto, a presenza dos dous técnicos para poder localizar e chegar o punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous T.E.S, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun T.E.S na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de primeira e de segunda.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.

CSM-REXISTROUDZAGXRS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:47:16
Nº Rexistro: 49561
Data envío: 02/05/2019 17:47:16.784

Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo que, a día de hoxe, segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta do servizo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Modificar o novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, de xeito que se manteñan as dúas persoas técnicas de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz.

2ª) Recuperar o horario das 24 horas para a ambulancia de asistencia con base en Foz.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 02/05/2019 17:43:49

Julio Torrado Quintela na data 02/05/2019 17:43:58

Noela Blanco Rodríguez na data 02/05/2019 17:44:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 52836(10/PNC-004206)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da derogación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, así como do establecemento dos mecanismos necesarios para reforzar e ampliar a Rede de centros de orientación afectivo-sexual

Publicación da iniciativa, 512, 29.07.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 12 de xullo vén de publicar a puntuación obtida por distintas asociacións para a autorización de uso de locais da Xunta na súa nova sede de Pontevedra, tendo obtivo a Red Madre 80 puntos –a segunda posición– e accedendo, por elo, a un local. 5 deses puntos conseguimos por se unha entidade declarada de utilidade pública e non conseguiu ningún deles no campo de fomentar a igualdade entre homes e mulleres.

Este feito puntual confirma o apoio da Xunta á Red Madre, que leva varios anos recibindo subvencións autonómicas, grazas a aprobación, en 2009, polo Parlamento de Galicia, cos únicos votos a favor do PP, dunha ILP que, promovida por dita fundación, foi impulsada polo Foro de la Familia dende 2006, camuflando como “apoyo á muller embarazada” unha lei reaccionaria e antiabortista.

Na práctica, a aprobación desta norma permitiu á Xunta concertar coa propia Red Madre labores directas de información a mulleres embarazadas, conforme ao propio artigo 3 da Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, aprobada como consecuencia da aprobación da ILP:





Coa aprobación da ILP a Fundación buscaba unha vía de financiamento público para o seu programa reaccionario, coa excusa de dar apoio a mulleres embarazadas e a familias monomarentais.

En Galiza, dende a aprobación de dita lei, a realidade foi que a Red Madre supliu labores que tiñan asignados os centros de asesoramento afectivo-sexual Centros Quérote, desmantelados polo goberno de Núñez Feijóo. A aprobación da lei permitiu tamén que se editara unha Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade, na que inclúen programas xestionados por agrupacións da propia Red Madre e asociacións católicas.

De feito, esta Fundación Red Madre percibe elevadas subvencións, a través da Secretaría Xeral de Igualdade. No ano 2016, ascenderon a máis 110.000 euros e en 2018 case 78.500 €, divididas nas súas catro asociacións provincias, sendo a entidade

Defendemos a derogación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece unha rede de apoio á muller embarazada e deixar de subvencionar as actividades antiabortistas desta asociación. Asemade, reforzar e ampliar a rede de centros de orientación afectivo-sexual, de xeito que se garanta o acceso universal ao asesoramento e educación sexual en todo o territorio galego.

O que se debe blindar por lei en Galiza é o dereito á educación afectivo sexual pública e de calidade, fronte a supostas redes de apoio á maternidade que encobren actividades reaccionarias e contrarias aos dereitos das mulleres. A atención ás mulleres embarazadas que precisen apoios socioeconómicos debe prestalas a Xunta, reforzando a súa rede pública de servizos sociais, aumentando os recursos dos servizos sociais comunitarios, recursos de acollemento residencial e as prestacións sociais autonómicas.





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Revogar a condición de asociación de utilidade pública da Red Madre.
- Derrogar a Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Reforzar a rede de centros Quérote recuperando o seu carácter de oficinas de información afectivo-sexual.
- Eliminar as referencias ás delegacións provinciais da Red Madre da Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade.
- Aumentar os recursos públicos de asesoramento e apoio psicosocial e socioeconómico a mulleres embarazadas, incluíndo recursos de acollemento residencial suficientes en todas as provincias.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 09:42:53
Nº Rexistro: 52836
Data envío: 22/07/2019 09:42:53.941

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 09:41:41

Luis Villares Naveira na data 22/07/2019 09:41:48

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 55195(10/PNC-004384)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a as actuacións que debe levar a cabo para evitar a precariedade do mercado laboral

Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

A precariedade no mercado laboral está marcada por moitos factores, que principalmente dende a crise, teñen convertido esa precariedade nunha característica estrutural que non deixa de medrar.

Os factores que interveñen, están principalmente relacionados cunha alta temporalidade, un aumento do traballo a tempo parcial ou dos baixos salarios, todo isto unido tamén ao que está a suceder no traballo por conta propia no que cada vez existen máis persoas que se ven obrigadas a ser autónomas e que moitas están nunha situación de falsos autónomos, igual que acontece co fraude nas prácticas. Ademais, a falta de oportunidades no mercado de traballo con parados de longa duración e persoas que deben emigrar na procura dun posto de traballo, van sumando caras ao prisma da precariedade no noso mercado laboral.

Por poñer varios exemplos, a taxa de temporalidade está xa en máis dun 27%, e a de parcialidade, si antes da recesión era dun 11%, no ano 2016 estaba xa nun 15%. Estas situacións xunto coa inestabilidade no posto de traballo, teñen un impacto directo nos salarios, provocando o que xa é coñecido como traballadores pobres.

Evidentemente, o incremento e a consolidación da precariedade no mercado de traballo, ten relación directa coas últimas reformas laborais que afectaron de cheo





aos dereitos das traballadoras e traballadores abaratando os despidos, fomentando a temporalidade e deixando practicamente anulada a negociación colectiva.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes medidas:

- Dirixirse ao Goberno do Estado para que proceda á derogación das últimas reformas laborais.
- Presentar un Plan Estratéxico de estabilidade no emprego, con datas de execución e medios necesarios, encamiñado a reducir a taxa de temporalidade ata un 15% en tres anos.
- Impulsar un Acordo polo Emprego de Calidade, coa participación de todos os niveis de goberno con competencia na materia, dos empresarios e das Organizacións Sindicais, que asuma o obxectivo de reducir o paro ata un 8% con emprego de calidade, con especial atención á situación da xuventude e das mulleres e establecendo medidas orzamentarias que o respalden.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:26:48
Nº Rexistro: 55195
Data envío: 05/09/2019 17:26:48.208

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/09/2019 17:01:20

José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2019 17:01:34

CSV, REGISTRO CSV/SqmL4
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 10.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 55990(10/PNC-004448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a mellor dotación de persoal posible para a asistencia sanitaria en atención primaria, así como para o establecemento dun plan de atención das necesidades en materia de infraestruturas, recursos humanos e materiais, para a comarca do Salnés

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:47:22
Nº Rexistro: 55990
Data envío: 18/09/2019 17:47:22.443

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os meses de verán tenden a xerar certas dificultades de xestión no sistema sanitario pola necesidade de conxugar as vacacións do persoal que traballa regularmente no sistema coa calidade asistencial que se precisa para dar servizo á cidadanía. En todo caso, a previsibilidade dos cadros horarios e de quendas dos/as profesionais manéxase con tempo de antelación para que os responsables de xestión poidan desenvolver as previsións axeitadas.

No caso específico da atención primaria en centros de saúde e de atención urxente nos PAC, a situación debe regularse por normativas estandarizadas preexistentes, que delimitan o volume de profesionais necesario para cada centro sanitario, así como as dotacións de equipos e materiais no caso da atención urxente.

De maneira específica, semella natural ter en conta os fluxos poboacionais existentes no verán, que tenden a desprazarse cara poboacións de costa, nomeadamente as máis destacadas en termos turísticos. A isto súmanse as celebracións específicas de cada localidade/zona e os eventos culturais ou deportivos, tamén moi presentes nestas épocas e, especialmente, nos lugares xa sinalados de maneira turística. A comarca de O Salnés conta con varios puntos de acumulación de poboación de maneira notoria durante o verán, é un entorno que precisa especial atención durante estas situacións, para que o sistema de saúde poida dar as respostas necesarias no caso de necesitalas.

CSM-REXISTROSecWgYhZ5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:47:22
Nº Registro: 55990
Data envío: 18/09/2019 17:47:22.443

Non en tanto, este verán de 2019 resultou ser o máis caótico e desorganizado que se lembra na xestión do sistema público de saúde. Existen numerosos exemplos que sinalan unha falta de previsión e un resultado nefasto da política de recortes do Goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia. O centro de saúde de O Grove sufriu a ausencia nalgunha ocasión de ata 5 dos 6 médicos/médicas que teñen praza, o que imposibilita que 1 soa persoa poida afrontar o traballo de 6. Existiron ocasións diversas no verán onde o PAC de Vilagarcía contou con soamente 1 facultativo/a cando debiera ter 3 debido ao volume de poboación que atende. Isto provocou que o PAC quedara varias veces sen facultativo/a presente ante a chegada de cidadáns, por ter que ter saído a unha urxencia. Notorio é o caso do PAC de Baltar (Portonovo), que convértese no PAC de referencia para un volume de poboación dos maiores de Galicia no verán, e que veu como incluso a falta de previsión levou a que algún profesional de PAC próximos tivera que deixar a súa praza nalgún día para trasladarse durante a quenda a Baltar.

A estas deficiencias súmanse as necesidades nunca resoltas en termos de infraestruturas, coas reivindicacións dos necesarios centros de saúde de O Grove, Vilagarcía (e o moi próximo de Caldas, que repercute tamén na atención dalgúns veciños da comarca). Tamén as demandas sobre unha correcta dotación de recursos materiais no servizo de urxencias, como é a dotación dunha ambulancia medicalizada completa e totalmente dotada de material e recursos humanos, son un debate eterno no que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia segue a dar as costas aos veciños e veciñas de O Salnés.

A tremendamente deficiente cobertura das baixas e vacacións (practicamente nula) deixa en problemas a calidade asistencial, así como os recortes de persoal nos centros de saúde, xa que os pacientes que non son atendidos a tempo no horario estandarizado (por estar os/as profesionais saturados ao ter que asumir os cupos dos ausentes) acoden ao PAC recargando o volume asistencial.

Durante os últimos 10 anos, o goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia deixou de solicitar ata 150 prazas de formación MIR para especialistas en

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REGISTRO SeCMgG YhZ5
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:47:22
Nº Rexistro: 55990
Data envío: 18/09/2019 17:47:22.443

medicina de familia e comunitaria, o que sumado á deficiente política de Recursos Humanos que paralizou os acordos de progresiva mellora das condicións laborais contribuíu, indubidablemente, a que Galicia se converta nunha das comunidades autónomas de España que peores condicións ofrece aos profesionais sanitarios. Esta situación provocou a conseguinte perda de capacidade para reter facultativos, profesionais de enfermería, auxiliares, etc.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Comprometer a mellora das condicións laborais do persoal sanitario do Sergas, para poder afrontar con maiores garantías os procesos de substitución e de reordenación de recursos humanos, de cara a garantir a mellor dotación de persoal posible para asistencia sanitaria en atención primaria.

2) Abrir un proceso de diálogo cos representantes municipais, e os profesionais que sexan considerados necesarios, para establecer un plan de necesidades para a comarca do Salnés, que contemple as necesidades en infraestruturas, recursos materiais e humanos. Este proceso afrontará, como mínimo e entre outras, a situación existente respecto de:

- a) Novos centros de saúde necesarios na comarca.
- b) Ordenación dos recursos humanos en función das necesidades asistenciais.
- c) Dotación de recursos para os servizos de urxencias.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2019 17:44:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:47:22
Nº Registro: 55990
Data envío: 18/09/2019 17:47:22.443

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2019 17:45:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2019 17:45:16

CSV REGISTRO SeCMgG YhZ5
Verificar
<https://secta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es